

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

RESOLUCIÓN do 18 de febreiro de 2021, da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se acorda o peche e a apertura de determinadas listas para a incorporación de novas solicitudes para a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia e o nomeamento de persoal funcionario interino correspondente a determinados grupos, categorías, corpos, escalas e especialidades.

O nomeamento de persoal funcionario interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a funcionarios e a contratación temporal de persoal laboral está regulado no Decreto 37/2006, do 2 de marzo.

O artigo 6 do Decreto 37/2006, relativo ao prazo de presentación de solicitudes, establece que se poderán presentar novas solicitudes «cando se publique a resolución de apertura do prazo de presentación de solicitudes por parte da dirección xeral competente en materia de función pública e no prazo establecido nela» e no caso de listas elaboradas que se atopen en xestión, desde o día 1 de marzo ata o día 30 de abril.

O parágrafo final do devandito artigo 6 establece que «en calquera momento en que a Administración considere que unha determinada lista está saturada porque non se produzan contratacións ou nomeamentos, ou ben polo excesivo número de persoas inscritas, poderá determinar o peche da incorporación de novas solicitudes, coa excepción das persoas interesadas que superasen algunha proba do último proceso selectivo, ou teñan prestado servizos, no ámbito de aplicación do artigo un, na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que teñan publicadas relacións de postos de traballo para a lista correspondente a esa categoría, corpo, escala ou especialidade».

Visto o número de contratacións e nomeamentos realizados no ano 2020 e o número de persoas inscritas en cada lista, esta dirección xeral,

RESOLVE:

Primeiro. Pechar a incorporación de novas solicitudes ás listas correspondentes aos grupos, categorías, corpos, escalas e especialidades que se indican no anexo I.



Segundo. Relacionar as listas correspondentes aos grupos, categorías, corpos, escalas e especialidades que se atopan abertas e nas que as persoas interesadas poderán presentar solicitude de inclusión no período comprendido entre o 1 de marzo e o 30 de abril deste ano (anexo II).

Terceiro. Relacionar as listas correspondentes aos grupos, categorías, corpos, escalas e especialidades pechadas e nas que soamente se poderán inscribir aquelas persoas que, para a lista correspondente, superasen algunha proba do último proceso selectivo do grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade, ou teñan prestado servizos na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou en entidades públicas instrumentais do sector público autonómico que teñan publicadas relacións de postos de traballo para a lista correspondente a ese grupo, categoría, corpo, escala ou especialidade (anexo III).

Cuarto. O estado, aberto ou pechado para a incorporación de novas solicitudes, no que se atopa cada lista poderá consultarse no portal web corporativo da Xunta de Galicia, <http://funcionpublica.xunta.gal>, punto de <Listas de contratación>.

Quinto. As persoas integrantes das listas que na súa solicitude de inclusión autoriza-sen expresamente a consulta dalgúns datos pola Administración e que figurasen excluídas nas listas provisionais por causas relacionadas coa imposibilidade material da obtención dos ditos datos, deberán achegar, para acreditar o cumprimento dos requisitos exixidos, no prazo concedido para formular reclamación contra as listas provisionais, copia auténtica da documentación respecto á cal non foi posible obter datos ao realizar a consulta.

Sexto. Contra esta resolución, de conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE número 236, do 2 de outubro), as persoas interesadas poderán interpoñer recurso de alzada ante o conselleiro de Facenda e Administración Pública no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*.

Sétimo. Esta resolución entrará en vigor o 1 de marzo de 2021.

Santiago de Compostela, 18 de febreiro de 2021

José María Barreiro Díaz
Director xeral da Función Pública



ANEXO I
Listas que se pechan
Corpos, escalas e especialidades (persoal funcionario)

Subgrupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2093-11	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en formación e orientación laboral

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
II	006	Educador/a. Profesor/a especial

ANEXO II
Listas abertas
Corpos, escalas e especialidades (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2067	Escala de veterinarios
A1	2093-01	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en lexislación marítima
A1	2093-02	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en procesos de cultivo acuícola
A1	2093-03	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en navegación marítima
A1	2093-04	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en pesca marítima/bioloxía pesqueira
A1	2093-05	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en inglés marítimo
A1	2093-06	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en medicina subacuática e hiperbárica
A1	2093-07	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en intervencións subacuáticas e hiperbáricas
A1	2093-08	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en comunicacións
A1	2093-09	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en máquinas e instalacións mariñas
A1	2093-10	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en procesos sanitarios
A2	2094-01	Escala de mestres de taller de Institutos Politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en traballos técnicos de mergullo



Grupo	Corpo/escala	Denominación
A2	2094-02	Escala de mestres de taller de Institutos Politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en máquinas e produción
A2	2094-03	Escala de mestres de taller de Institutos Politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en servizos ao buque
C1	207C-02	Escala de axentes do Servizo de Gardacostas de Galicia.
C1	207V	Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia. Especialidade Patrón.
C1	207W	Escala operativa do Servizo de Gardacostas de Galicia. Especialidade Mecánico.

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	002	Titulado/a superior médico/a. Médico/a xeriatra. Médico/a CEI. Médico/a adxunto/a. Médico/a
II	002	ATS. Enfermeiro/a. Practicante. DUE
II	011	Fisioterapeuta
II	020	Terapeuta ocupacional
III	004	Gobernante/a. Gobernante/a servizos domésticos. Encargado/a lavadoiro. Roupeiro. Ferro de pasar
III	006	Xefe/a de servizos técnicos. Encargado/a de mantemento. Conservador/a de edificios. Encargado/a oficios varios mantemento. Xefe/a de taller. Encargado/a de traballos. Especialista de oficios
III	014	Xefe/a de cociña
III	065	Oficial/a 1ª cociña. Oficial/a 1ª cociñeiro/a. Xefe/a cociña. Cociñeiro/a 1ª
III	069	Oficial/a servizos técnicos. Oficial/a 1ª mantemento. Oficial/a 1ª oficios varios. Oficial/a de primeira
III	078	Subgobernante/a
IV	003	Auxiliar sanitario. Auxiliar clínica. Auxiliar psiquiátrico/a. Auxiliar de enfermaría. Coidador/a xeriátrico. Coidador/a
IV	005	Oficial/a 2ª cociña. Cociñeiro/a oficial/a 2ª
IV	006	Axudante/a servizos técnicos. Oficial/a 2ª mantemento

ANEXO III

Listas pechadas

Corpos, escalas e especialidades (persoal funcionario)

Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	205G	Escala de sistemas e tecnoloxía da información



Grupo	Corpo/escala	Denominación
A1	2060	Corpo superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A1	2061	Escala de arquitectos
A1	2062	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de camiños, canais e portos
A1	2063	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría agronómica
A1	2064	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría industrial
A1	2065	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de minas
A1	2066	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de montes
A1	2068	Escala de ciencias. Especialidade de bioloxía
A1	2069	Escala de ciencias. Especialidade química
A1	206K	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
A1	206L	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A1	206M	Escala de facultativos de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
A1	2072	Escala de arqueólogos
A1	2080	Escala de enxeñeiros. Especialidade de enxeñaría de telecomunicación
A1	2083	Escala superior de estatísticos
A1	2086	Escala superior de finanzas
A1	2093-11	Escala de profesores numerarios de institutos politécnicos marítimo-pesqueiros. Especialidade en formación e orientación laboral
A1	210A	Escala de inspección urbanística
A2	2051	Corpo de xestión da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
A2	2052	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica forestal
A2	205F	Escala técnica de finanzas
A2	205H	Escala de xestión de sistemas de informática
A2	206I	Escala de inspección turística
A2	206N	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de arquivos
A2	206P	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de bibliotecas
A2	206Q	Escala de axudantes de arquivos, bibliotecas e museos. Especialidade de museos
A2	206X	Escala de inspectoras e inspectores de consumo
A2	2073	Escala de arquitectos técnicos



Grupo	Corpo/escala	Denominación
A2	2074	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica de obras públicas
A2	2075	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica industrial
A2	2076	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de topografía
A2	2077	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica agrícola
A2	2079	Escala de enxeñeiros técnicos. Especialidade de enxeñaría técnica de minas
A2	2085	Escala técnica de estatísticos
A2	2097	Escala de axentes de extensión pesqueira
A2	210B	Escala de subinspección urbanística
C1	2053	Corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
C1	205I	Escala técnica auxiliar de informática
C1	207H	Escala de axentes facultativos ambientais (para extinguir)
C1	2081	Escala de delineantes (para extinguir)
C2	2059	Corpo auxiliar da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
	2055	Agrupación profesional de persoal funcionario subalterno da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia

Grupos e categorías (persoal laboral)

Grupo	Categoría	Denominación
I	004	Titulado/a superior
I	006	Titulado/a superior psicólogo/a
I	011	Titulado/a superior pedagogo/a
I	014	Titulado/a superior sociólogo/a
I	018	Licenciado/a informático/a (antigo/a técnico/a de sistemas e analista titulado/a superior)
I	019	Titulado/a superior especialista. Titulado/a superior farmacéutico/a
I	023	Documentalista
I	027	Coordinador/a de actividades externas
I	029	Xefe/a departamento persoal e xestión económico-administrativa do IGAEM
I	030	Relacións públicas do IGAEM
I	031	Titulado/a superior de formación ocupacional
I	032	Técnico/a superior en centros de arte



Grupo	Categoría	Denominación
II	001	Director/a-administrador/a. Director/a de centro social. Director/a casa da xuventude. Subdirector/a residencia xuvenil. Preceptor/a residencia. Director/a centro. Xefe/a do servizo administrativo do IGAEM. Secretario/a de residencia. Director/a de cociña de irmandade. Director/a de clínica deportiva
II	005	Profesor/a. Profesor/a titular. Profesor/a EXB. Mestre/a. Profesor/a de educación física. Profesor/a de matemáticas
II	006	Educador/a. Profesor/a especial
II	007	Titulados/as grao medio
II	008	Director/a de gardaría infantil
II	017	Asistente/a social
II	021	Monitor/a ocupacional
II	027	Técnico/a superior diplomado/a en informática (antigo analista de aplicacións (titulado medio) e antigo analista programador/a (titulado/a medio)
II	031	Restaurador/a
II	033	Profesor/a de danza clásica
II	037	Titulado/a medio/a formación ocupacional
II	038	Perito/a-xudicial diplomado/a
II	040	Mestre/a especialista en educación infantil
III	002	Encargado/a administrativo/a. Xefe/a de negociado. Xefe/a administración. Xefe/a 2ª administración. Administrador/a. Secretario/a-administrador/a residencia xuvenil. Administrador/a de produción de centros. Secretario/a de dirección do IGAEM. Axudante/a de dirección e difusión da música. Axudante/a de dirección e difusión do CDG
III	003	Controlador/a pecuario/a. Axudante/a técnico/a pecuario/a
III	005	Intendente. Encargado/a de establecemento. Encargado/a de almacén
III	011	Encargado/a agrario/a
III	012	Mestre/a de taller
III	017	Analista de laboratorio
III	018	Marcador/a de metais preciosos
III	023	Celador/a de estradas. Capataz de brigada
III	030	Programador/a
III	033	Encargado/a supervisor/a de telefónica
III	034	Especialista de oficios (debuxante)
III	036	Experto/a audiovisuais
III	037	Técnico/a de son
III	039	Rexedor/a de escena
III	040	Axudante/a de produción



Grupo	Categoría	Denominación
III	045	Técnico/a de luces
III	049	Axente auxiliar inspección transportes
III	050	Técnico/a especialista xardín de infancia
III	052	Tradutor/a. Intérprete da Administración de xustiza
III	053	Técnico/a en restauración cinematográfica
III	060	Auxiliar técnico/a de obra. Auxiliar técnico/a obra TIE
III	063	Oficial/a 1ª condutor/a. Condutores/as 1ª. Condutores/as altos cargos. Conductor/a mecánico/a
III	064	Oficial/a 1ª tractorista. Tractorista. Operador/a maquinaria pesada
III	066	Axudante/a taller. Adxunto/a taller
III	067	Capataz de obras. Capataz cuadrilla. Xefe/a equipo. Oficial/a 1ª obra COTOP. Capataz
III	068	Oficial/a 1ª agrario/a. Capataz agrario
III	080	Capataz de establecemento
III	088	Capataz de explotacións marisqueiras
III	090	Animador/a sociocultural
III	091	Técnico/a especialista en informática (antigo/a operador/a de ordenadores)
III	097	Auxiliar de son
III	098	Auxiliar de luces
III	101	Proxeccionista
III	102	Encadernador/a
III	103	Entrevistador/a-enquisador/a
III	104	Intérprete linguaxe de signos
IV	001	Auxiliar de gravación. Oficial/a 2ª linotipista. Auxiliar administrativo/a. Oficial 2ª administrativo/a. Técnico/a auxiliar en informática. Operador/a máquina elemental. Auxiliar
IV	002	Auxiliar mecánico/a. Oficial/a 2ª mecánico/a. Mecánico/a reparación obras
IV	004	Auxiliar fogar. Coidador/a auxiliar. Auxiliar coidador/a. Auxiliar de internado
IV	007	Garda xuramentado/a fluvial. Garda explotación
IV	009	Oficial/a 2ª agrario/a
IV	011	Auxiliar de laboratorio
IV	016	Condutor/a
IV	017	Almaceneiro/a. Despenseiro/a
IV	020	Conserxe (cando teñan ao seu cargo persoal subalterno ou ordenanza)
IV	021	Oficial/a 2ª carpinteiro/a. Auxiliar carpintaría



Grupo	Categoría	Denominación
IV	022	Oficial/a 2ª en reprografía
IV	023	Mestre/a gaitero/a
IV	024	Xastre/a
IV	025	Cargador/a. Tremeiro/a
IV	028	Auxiliar produción-dirección
IV	030	Auxiliar formación ocupacional
IV	031	Legoeiro/a
IV	034	Axudante/a restauración e proxección cinematográfica
IV	035	Auxiliar de arquivos e bibliotecas
IV	036	Auxiliar de museos
IV	039	Auxiliar de autopsia
V	001	Camareiro/a-limpador/a. Axudante cociña. Pasador/a de ferro-lavandero/a. Costureiro/a. Cortador/a. Pasador/a de ferro. Lavandero/a
V	002	Axudante de traballos ou oficios. Axudante/a albanel. Peón/oa especializado/a. Fontaneiro/a. Axudante/a. Hortelá/n. Axudante/a traballos. Encargado/a xardín
V	003-01	Ordenanza. Celador/a. Vixilante de oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalerno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado
V	003-02	Resolución do 26.6.2018 (DOG núm. 122, do 27 de xuño). Ordenanza. Celador/a. Vixilante oficinas. Vixilante nocturno/a. Vixilante. Subalerno/a. Porteiro/a. Recepcionista. Telefonista. Sereno/a. Garda. Garda xuramentado
V	008	Peón/oa agrario/a
V	009	Celador/a de segunda. Vixilante de recursos naturais
V	10D	Socorrista
V	10E	Vixilante de arquivos, bibliotecas e museos
V	10F	Peón/oa forestal
V	011	Limpador/a. Fregador/a. Empregado/a comedor. Empregado/a cociña-pinche. Servizo doméstico. Mozo/a de limpeza. Pinche de cociña. Persoal servizos xerais
V	012	Peón/oa. Laborante. Varredor/a. Mozo/a servizos. Mozo/a laboratorio. Mozo/a. Pastor/a. Xardineiro/a. Mozo/a transportes. Peón/oa xardineiro/a/EFU. Mozo/a mantemento. Mozo/a subalerno

Grupos e categorías do persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais

Grupo	Categoría	Denominación
I	038	Técnico/a superior defensa contra incendios forestais



Grupo	Categoría	Denominación
II	039	Técnico/a forestal de defensa contra incendios forestais
III	100	Bombeiro/a forestal xefe/a de brigada
IV	032	Operador/a codificador/a de datos de defensa contra incendios forestais
IV	033	Bombeiro/a forestal condutor/a de motobomba
IV	037	Oficial/a 2ª mecánico máquina defensa contra incendios forestais
V	10A	Vixilante móbil de defensa contra incendios forestais
V	10B	Vixilante fixo/a de defensa contra incendios forestais
V	10C	Emisorista de defensa contra incendios forestais. escoita incendios
V	014	Bombeiro/a forestal
V	14A	Bombeiro/a forestal condutor/a

